

# **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019 / 20**

**CENTRO: IES LAURO OLMO  
CURSO: 4º ESO A e B  
MATERIA: LATÍN  
DEPARTAMENTO: LATÍN E GREGO  
DATA: 12 / 05 / 2020**

## Introdución

Recollemos neste anexo os cambios realizados na programación do curso 2019-20 a raíz da situación excepcional creada pola interrupción das clases presenciais a partir do día 13 de marzo. Nel figuran os estándares e criterios que se terán en conta á hora de avaliar ao alumnado. Todos eles foron vistos en clase durante os dous primeiros trimestres, e serán reforzados neste terceiro. Tamén se recollen os métodos de avaliación e os instrumentos empregados para que o curso poidese seguir adiante na medida do posible.

Non se recolle o grao de consecución necesario para cada estándar xa que iso aparece detallado na programación de curso.

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>
<b>Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances</b>	
B1.1 Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina.	1.1 Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se desenvolve a lingua latina.
B1.3 Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa.	1.3 Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, especialmente a románica, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.
B1.4 Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa.	1.4 Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.
<b>Bloque 2. Sistema da lingua latina; elementos básicos</b>	
B2.3 Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de pronunciación en latín.	2.3 Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronunciación correcta.
<b>Bloque 3. Morfoloxía</b>	
B3.1 Identificar e distinguir os formantes das palabras.	3.1 Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.
B3.2 Distinguir e clasificar tipo de palabras	3.2 Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e

	define criterios para clasificalas.
B3.3 Comprender o concepto de declinación e conxugación	3.3 Define o concepto de declinación e conxugación.
B3.4 Coñecer as tres primeiras declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente.	3.4.1 Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación.
	3.4.2 Declina correctamente palabras e sintagmas en concordancia.
B3.5 Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente.	3.5.1 Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado.
<b>Bloque 4. Sintaxe</b>	
B4.1 Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración	4.1 Analiza morfoloxica e sintácticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as función na oración.
B4.2 Coñecer os nomes dos casos latino e identificar as súas principais funcións na oración, e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente	4.2.1 Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais función que realizan dentro da oración.
	4.2.2 Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.
B4.4 Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple	4.4 Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características.
<b>Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización</b>	
B5.1 Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu periodo correspondente e realizar eixos cronolóxicos.	5.1.1 Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unas a outras.
	5.1.2 Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico

	correspondente.
	5.1.3 Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información.
	5.1.4 Describe algún dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e das súas principais consecuencias.
	5.2.1 Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.
	5.2.2 Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais.
B5.3 Coñecer a composición da familia e os papeis asignados dos seus membros	5.3 Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais.
B5.6 Recoñecer os tipos de vivenda empregados en Roma, as características principais da alimentación romana, os elementos de indumentaria e as normas de hixiene persoal, peiteados e cosméticos.	5.6 Distingue e describe o modo de vida en Romano ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrátaos cos da actualidade.
<b>Bloque 6. Textos</b>	
B6.1 Aplicar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para iniciarse na interpretación e na tradución de frases de dificultade progresiva e textos adaptados.	6.1 Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.
B6.2 Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias.	6.2 Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.
B6.4 Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e a estrutura dos textos latinos	6.4.1 Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os

traducidos.	coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.
<b>Bloque 7. Léxico</b>	
B7.1 Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.	7.1.1 Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.
	7.1.2 Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<b>Procedementos:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Probas realizadas durante os dous primeiros trimestres</li> <li>- Análise das producións do alumnado durante o confinamento.</li> <li>- Proba de xuño (sempre que a situación sanitaria o permita)</li> </ul>
	<b>Instrumentos:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Cuestionarios con preguntas de resposta curta.</li> <li>- Elaboración de resumos</li> <li>- Análise e tradución de textos</li> <li>- Pequenas investigacións sobre temas propostos</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>A cualificación final obterase basicamente a partir da media dos dous primeiros trimestres. O traballo realizado no terceiro trimestre supoñerá un máximo de dous punto máis a engadir á nota resultante.</p> <p>A valoración do traballo do terceiro trimestre farase en función do cumprimento dos prazos e da calidade do traballo presentado.</p> <p>Se a situación sanitaria o permitise, realizaríase no mes de xuño unha proba de carácter opcional para mellorar a nota.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	Consistirá nunha proba escrita na que só se terán en conta os criterios e estándares expostos neste anexo.

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

<b>Actividades</b>	As actividades propostas durante este trimestre serán todas elas de reforzo dos contidos traballados durante os dous primeiros trimestres
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Poñeremos na aula virtual as actividades a realizar cunha data límite de entrega. Mentras non expire este prazo, o alumnado poderá consultar as dúbidas a través do correo electrónico. No caso de reanudarse as clases presenciais, comentaranse estas actividades na aula. Non se detectaron neste grupo casos de imposibilidade material de coñexión.
<b>Materiais e recursos</b>	Aula virtual do IES Lauro Olmo Correo electrónico

### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Correo electrónico enviado directamente ao alumnado A través dos titores Servizo webex en caso de que fose necesario
<b>Publicidade</b>	Páxina web do centro.